

## RELACIÓN NÚMERO 1

## Relación de bens inmobles que se traspanan

## Comunidade Autónoma de Galicia

Unidade	Domicilio	Poboación	Situación xurídica	Superficie en m <sup>2</sup>	Observacións
Demarcación de Estradas do Estado. Ministerio de Fomento.	Rúa Caballeros, esquina coa rúa Chile. Parcela n.º 97 do polígono de Elviña, 1.ª fase, 2.ª ampliación.	A Coruña	Propiedade do Estado, afectada ao Ministerio de Fomento.	550,61	

## MINISTERIO DE FACENDA

**5649** *ORDE HAC/805/2004, do 4 de marzo, pola que se regula a estrutura e o contido das contas de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas.* («BOE» 77, do 30-3-2004.)

O Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, na súa reunión do 27 de xullo de 2001, aprobou unha ampliación do principio de corresponsabilidade fiscal, atribuíndolles ás ditas comunidades novas competencias normativas, ademais de abrir a posibilidade de cesión de novos tributos estatais.

A modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA), levada a cabo pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, establece un novo réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

A Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía relaciona, no seu artigo 17, cales son os tributos estatais cuxo rendemento se lles cede ás comunidades autónomas, establecendo que a dita cesión se realiza co alcance e condicións establecidos no propio título II da citada lei. Pola súa parte, no artigo 52 establécese que dos resultados obtidos da xestión, liquidación e recadación dos tributos cedidos (imposto sobre sucesións e doazóns, imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, tributos sobre o xogo, imposto especial sobre determinados medios de transporte e imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos) se renderá anualmente á Intervención Xeral da Administración do Estado unha "conta de xestión de tributos cedidos", adaptada ás disposicións que sobre a liquidación dos orzamentos conteñen a Lei xeral orzamentaria e, se é o caso, as modificacións que se poidan introducir nela.

A estrutura desta conta, dispón a dita lei, será determinada polo Ministerio de Facenda, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado.

A Orde do 22 de novembro de 1984 pola que se regula a conta de xestión de tributos cedidos foi modificada pola Orde do 6 de xuño de 1988, de adaptación das contas a render por tributos cedidos á modificación na agrupación de orzamentos cerrados; esta modificación realizouse como consecuencia do establecido na Orde do 18 de decembro de 1987 pola que se refunden

en contabilidade pública as agrupacións de orzamentos cerrados, exercicio anterior e orzamentos cerrados de exercicios previos ao anterior, nunha soa agrupación de exercicios cerrados.

Posteriormente, a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 6 de maio de 1994 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública desenvolve na memoria das contas anuais a información sobre a execución do ingreso público, introducindo algunhas modificacións que non foron recollidas na normativa que regula a "conta de xestión de tributos cedidos" anteriormente citada.

Ademais, a modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, ampliou o catálogo de tributos susceptibles de cesión e así se recolleu na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Como consecuencia do exposto, parece oportuno modificar o contido actual da "conta de xestión de tributos cedidos" (recollido na Orde do 6 de xuño de 1988), adaptándoo ao Plan Xeral de Contabilidade Pública, á última modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e á Lei 21/2001, antes citada, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Por todo o exposto, de acordo co Consello de Estado, este ministerio acordou:

**Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.**—As contas de xestión dos tributos cedidos ás comunidades autónomas formaranse segundo o establecido na presente orde, e terán por obxecto, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, recoller, para cada un dos conceptos tributarios cedidos (relacionados no anexo I desta orde), o importe das liquidacións contraídas, a recadación obtida, o importe pendente de cobramento ao finalizar cada período e o importe dos beneficios fiscais.

**Segundo. Réxime legal.**—As contas de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas teranse que axustar aos preceptos contidos nas seguintes disposicións:

Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria vixente ata o 31 de decembro de 2004 e polo título V da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, vixente desde 1 de xaneiro de 2005.

Terceiro. *Principios.*—En cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei 21/2001, os resultados obtidos na xestión, liquidación e recadación dos tributos cedidos, deberanse adaptar ás disposicións que sobre a liquidación dos orzamentos contén a Lei xeral orzamentaria. Na elaboración da información que se regula na presente orde ministerial débense aplicar as normas e os principios relativos á información dos ingresos públicos que se conteñen no Plan Xeral de Contabilidade Pública, aprobado por Orde ministerial do 6 de maio de 1994.

Cuarto. *Prazo de rendición.*—O prazo de rendición das contas de xestión de tributos cedidos será de catro meses, a partir do 31 de decembro de cada ano, data de cerramento do exercicio orzamentario, debendo estar debidamente autorizadas coas sinaturas do xefe do servizo que a confeccione, do interventor xeral da comunidade autónoma (ou do responsable do correspondente órgano superior de dirección contable) e do conselleiro competente en materia de facenda.

Quinto. *Contido.*—As contas de xestión de tributos cedidos adaptaranse, para o exercicio 2003 e seguintes, á estrutura dos modelos que se unen a esta orde como anexos II e III e constarán, para todos os tributos cedidos que non sexan xestionados polo Estado, xa sexa realizada a xestión recadadora directamente pola Comunidade Autónoma, xa se realice mediante concerto con calquera outra administración, de acordo co artigo 49 da Lei 21/2001, das seguintes partes:

Orzamento corrente.

Orzamento cerrado.

Beneficios fiscais.

Sexto. *Estrutura.*

Primeira parte: orzamento corrente.

Comprenderá a xestión dos tributos cedidos realizada durante o exercicio orzamentario a que a conta se refira, incluíndo información sobre as previsións orzamentarias, os dereitos recoñecidos netos, a extinción deles por recadación ou cancelación e os dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro.

A información, para todos e cada un dos tributos cedidos, dos dereitos recoñecidos netos será a seguinte:

Dereitos recoñecidos: reflectirá as liquidacións do exercicio, calquera que sexa o período de devengo, distinguindo entre liquidacións de contraído previo (aquelas practicadas pola Administración) e declaracións autoliquidadas (aquelas en que o contribuínte realiza a declaración do feito imponible e a liquidación do imposto e efectúa o seu ingreso).

Dereitos anulados: incluirá o importe das liquidacións anuladas durante o exercicio, distinguindo entre anulación de liquidacións, anulación por concesión de aprazamentos e fraccionamentos e anulación por devolución de ingresos.

Dereitos recoñecidos netos: diferenza entre os dereitos recoñecidos e os dereitos anulados.

A información, para todos e cada un dos tributos cedidos, da extinción por recadación ou cancelación dos dereitos será a seguinte:

Recadación total: importe dos ingresos en efectivo realizados durante o exercicio dos dereitos recoñecidos no orzamento corrente.

Devolucións de ingresos: importe das devolucións efectivamente pagadas durante o exercicio, calquera que fose o exercicio en que tivo lugar o ingreso.

Recadación neta: diferenza entre a recadación total e as devolucións de ingreso.

Dereitos cancelados: distinguindo entre dereitos cancelados por cobramentos en especie, dereitos cancelados por insolvencias (que se rexistrarán cando se declare a insolvencia firme dun debedor) e dereitos cancelados por outras causas.

Informarase tamén dos dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro: importe correspondente a aqueles dereitos recoñecidos netos que non foron ingresados nin cancelados, quedando pendente o seu cobramento en 31 de decembro.

Segunda parte: orzamentos cerrados.

Comprenderá a xestión realizada durante o exercicio dos tributos cedidos correspondente a dereitos recoñecidos en exercicios anteriores a aquel a que se refira a conta, incluíndo información sobre os dereitos pendentes de cobramento en 1 de xaneiro, as posibles rectificacións deles, as anulacións, a súa extinción por recadación ou cancelación e os dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro.

A información, para todos e cada un dos tributos cedidos, que se facilitará do proceso de liquidación dos dereitos recoñecidos será a seguinte:

Dereitos pendentes de cobramento en 1 de xaneiro: recollerá o importe correspondente aos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores pendentes de cobramento en 1 de xaneiro.

Rectificacións de saldo entrante: recollerá as rectificacións de saldo entrante de dereitos recoñecidos en exercicios anteriores pendentes de cobramento en 1 de xaneiro.

Dereitos anulados: recollerá as anulacións dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores pendentes de cobramento en 1 de xaneiro, distinguindo entre dereitos anulados por anulación de liquidacións e dereitos anulados por concesión de aprazamentos e fraccionamentos.

Dereitos pendentes de cobramento totais: recollerá a diferenza entre os dereitos pendentes de cobramento en 1 de xaneiro máis as rectificacións de saldo entrante e os dereitos anulados.

A información, para todos e cada un dos tributos cedidos, que se facilitará da extinción por recadación ou cancelación de dereitos será a seguinte:

Recadación: dereitos de exercicios cerrados recadados en efectivo durante o exercicio.

Dereitos cancelados: cancelacións dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores e pendentes de cobramento en 1 de xaneiro, distinguindo entre dereitos cancelados por cobramentos en especie, dereitos cancelados por insolvencias, dereitos cancelados por prescripción e dereitos cancelados por outras causas.

Tamén se facilitará información sobre os dereitos pendentes de cobramento en 31 de decembro: dereitos pendentes de cobramento totais minorados pola recadación e os dereitos cancelados.

**Terceira parte: beneficios fiscais.**

Consignarase o importe dos beneficios fiscais de cada tributo, co desenvolvemento que figura no anexo III desta orde.

**Disposición transitoria única.**

Durante o período de tempo en que a xestión recadadora dos tributos cedidos relacionados no anexo I sexa realizada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, cosignaranse como ingresos sen contraído previo do orzamento corrente os importes percibidos polas comunidades autónomas.

**Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas a Orde do 6 de xuño de 1988 pola que se aproba a adaptación das contas a render por tributos cedidos á modificación na agrupación de orzamentos cerrados e a Orde do 22 de novembro de 1984, reguladora das contas a render por tributos cedidos a comunidades autónomas.

**Disposición derradeira única.**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e resultará aplicable ás contas relativas ao exercicio económico 2003 e posteriores.

Madrid, 4 de marzo de 2004.

MONTORO ROMERO

**ANEXO I**

Imposto sobre sucesións e doazóns.

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Imposto especial sobre determinados medios de transporte.

Imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

Tributos sobre o xogo.

**ANEXO II: MODELOS**

**LIQUIDACIÓN DOS TRIBUTOS CEDIDOS  
PRIMEIRA PARTE. ORZAMENTO CORRENTE  
EXERCICIO ...**

TRIBUTO	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PTES. DE COBRAMENTO EN 31 DE DECEMBRO
	INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEFINITIVAS				

**LIQUIDACIÓN DOS TRIBUTOS CEDIDOS  
PRIMEIRA PARTE. ORZAMENTO CORRENTE  
EXERCICIO ...**

**1. DEREITOS RECOÑECIDOS**

TRIBUTO	CONTRAÍDO PREVIO	CONTRAÍDO SIMULTÁNEO		TOTAL INGRESOS RECOÑECIDOS
		AUTOLIQUIDACIÓNS	SEN CONTRAÍDO PREVIO	

**LIQUIDACIÓN DOS TRIBUTOS CEDIDOS**  
**PRIMEIRA PARTE. ORZAMENTO CORRENTE**  
**EXERCICIO ...**

**2. DEREITOS ANULADOS**

TRIBUTO	ANULACIÓN DE LIQUIDACIONES	ANULACIÓN POR APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS	ANULACIÓN DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS	TOTAL DEREITOS ANULADOS

**LIQUIDACIÓN DOS TRIBUTOS CEDIDOS**  
**PRIMEIRA PARTE. ORZAMENTO CORRENTE**  
**EXERCICIO ...**

**3. RECADACIÓN NETA**

TRIBUTO	RECADACIÓN TOTAL	DEVOLUCIÓN DE INGRESO	RECADACIÓN NETA

**LIQUIDACIÓN DOS TRIBUTOS CEDIDOS**  
**PRIMEIRA PARTE. ORZAMENTO CORRENTE**  
**EXERCICIO ...**

**4. DEREITOS CANCELADOS**

TRIBUTO	COBRAMENTOS EN ESPECIE	INSOLVENCIAS	OUTRAS	TOTAL DEREITOS CANCELADOS

**LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS CEDIDOS**  
**SEGUNDA PARTE. ORZAMENTOS PECHADOS**

**1. PROCESO DE LIQUIDACIÓN**

TRIBUTO	PENDENTES DE COBRAMENTO EN 1 DE XANEIRO	RECTIFICACIÓNS SALDO ENTRANTE	DEREITOS ANULADOS		DEREITOS PENDENTES DE COBRAMENTO TOTALS
			ANULACIÓN DE LIQUIDACIÓNS	ANULACIÓN POR APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS	

**LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS CEDIDOS**  
**SEGUNDA PARTE. ORZAMENTOS PECHADOS**

**2. PROCESO DE RECADACIÓN E CANCELACIÓN**

TRIBUTO	RECADACIÓN	DEREITOS CANCELADOS				PENDENTES DE COBRAMENTO EN 31 DE DECEMBRO
		COBRAMENTOS EN ESPECIE	INSOLVENCIAS	PRESCRICIÓN	OUTRAS	

**ANEXO III**

**BENEFICIOS FISCAIS**

**Liquidación de tributos cedidos. Terceira parte.**

**Beneficios fiscais exercicio .....**

Beneficios fiscais	Total ano XXXX
<p>I. Imposto sobre sucesións e doazóns:</p> <p>Reducións na base imponible:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adquisicións de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio.</li> <li>2. Adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos.</li> <li>3. Percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguro.</li> </ol> <p>Tarifa do imposto:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adquisicións de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio.</li> <li>2. Adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos.</li> <li>3. Percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguro.</li> </ol>	

Beneficios fiscais	Total ano XXXX
<p>Coeficientes multiplicadores:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adquisicións de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio.</li> <li>2. Adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos.</li> <li>3. Percepción de cantidades por los beneficiarios de contratos de seguro.</li> </ol> <p>Deducións e bonificacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adquisicións de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio.</li> <li>2. Adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e inter vivos.</li> <li>3. Percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguro.</li> </ol> <p>II. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados:</p> <p>Deducións e bonificacións da cota:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Transmisións patrimoniais onerosas.</li> <li>2. Actos xurídicos documentados.</li> </ol> <p>III. Tributos sobre o xogo:</p> <p>Base imponible. Exencións. Bonificacións.</p>	